



Resumo en lectura fácil da obra de teatro

★★★★

UN HOTEL DE PRIMEIRA SOBRE O RÍO

Xohana Torres é a escritora da obra de teatro orixinal.
Gonçalo Guerreiro e María Torres
son os escritores e directores desta versión da obra de teatro.

Datas de representación da obra:
do 31 de marzo ao 30 de abril de 2023

Lugar: Salón Teatro en Santiago de Compostela



Índice

Que é este documento?.....	páxina 4
O Centro Dramático Galego.....	páxina 5
Un hotel de primeira sobre o río.....	páxina 6
As actrices e os actores.....	páxina 8
Que nos conta esta obra de teatro?.....	páxina 10
Como é o escenario?.....	páxina 12
Canto tempo dura a obra de teatro?.....	páxina 13

Que é este documento?

Este documento é o programa de man dunha obra de teatro.

Un programa de man dunha obra de teatro é un documento que recolle información sobre esa obra, por exemplo, o nome das personaxes ou o tema da obra de teatro.

O título desta obra de teatro é

Un hotel de primeira sobre o río.



O Centro Dramático Galego

O Centro Dramático Galego organiza esta obra de teatro.

O Centro Dramático Galego
fai obras de teatro en galego.

O Centro Dramático Galego é da Xunta de Galicia
e comezou a traballar no ano 1984.

O Centro Dramático Galego está no Salón Teatro.

O Salón Teatro está na Rúa Nova
en Santiago de Compostela.

O Centro Dramático Galego organiza:

- Obras de teatro de escritoras e escritores galegos.
- Obras de teatro de escritoras e escritores importantes de todos os países.
- Obras de teatro para nenas e nenos.

O Centro Dramático Galego quere
que todas as persoas poidan ir ao teatro.

Tamén quere que as persoas coñezan os profesionais
que traballan nas obras de teatro.

Un hotel de primeira sobre o río

Xoana Torres escribiu a obra de teatro

Un hotel de primeira sobre o río

no ano 1968.

Xoana Torres gañou o Premio Castelao
por esta obra de teatro.

Gonçalo Guerreiro e María Torres
son os escritores e directores da obra que vas ver.
Esta obra de teatro é unha versión da obra orixinal
Un hotel de primeira sobre o río.

Nesta obra de teatro
coñecemos diferentes tipos de persoas:

- Persoas que queren vivir na súa terra.
- Persoas que emigran a outros lugares a vivir.
- Persoas que queren aproveitarse
das riquezas da natureza.
- Persoas que loitan polas súas ideas.

Esta obra de teatro
é unha obra de teatro de música e de movemento.
As personaxes cantan e bailan
durante a obra de teatro.



As actrices e os actores



IVÁN DAVILA



RAQUEL ESPADA



SOFÍA ESPIÑEIRA



MERCHE PÉREZ



NICOLÁS OTERO



PABLO SÁNCHEZ



LIDIA VEIGA

Que nos conta esta obra de teatro?

Esta obra de teatro conta a historia de Ruth.
Ruth é unha muller que vive nunha aldea
e traballa as súas terras.

Ruth ten dous sobriños, Antón e Inge.
Antón traballa de mariñeiro
e Inge vive en Alemaña.

Varios empresarios queren construír un hotel
nas terras da aldea de Ruth.
Os empresarios queren que Ruth
venda as súas terras e a súa casa.

Algúns veciños de Ruth
venden as súas casas e as súas terras
e marchan a vivir á cidade.

Os empresarios e o político do Concello
presionan a Ruth para que venda a súa casa,
pero Ruth quere seguir vivindo
na súa aldea e na súa casa.

Silvia é unha muller ecoloxista
que quere axudar a Ruth
para que o Concello no lle quite a súa casa.

Silvia é ecoloxista porque defende a natureza
do dano que fai o ser humano.




Como é o escenario?

No escenario da obra podes ver sempre o tellado dunha casa.

Podes ver caixas de cartón dunha mudanza nun momento da obra.

Noutro momento da obra podes ver no escenario a herba dun campo de golf.




Canto tempo dura a obra de teatro?

Esta obra de teatro dura unha hora e 40 minutos.

Tes que estar no Salón Teatro antes de empezar a obra de teatro.
Se a obra empezou, non podes entrar.

Tampouco podes volver a entrar no Salón Teatro
se saes antes do fin da obra.



Adaptación a lectura fácil:

Texto redactado segundo as pautas de lectura fácil de Inclusion Europe e a norma UNE 153101 EX por M.^a Dolores Portela León FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Adaptación realizada por FADEMGA Plena Inclusión Galicia Programa de Cidadanía Activa e Accesibilidade cognitiva subvencionado pola Xunta de Galicia (Programas IRPF).

Validación da adaptación:

FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Logotipo europeo de lectura fácil na portada.

© Inclusion Europe

Máis información en www.inclusion-eu



DESCARGA O PROGRAMA
EN LECTURA FÁCIL